

## ACTA Nº 2017/5

### SESIÓN ORDINARIA

#### PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

- Casa do Concello, xoves 25 de maio de 2017 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal.

**PRESIDE:**

ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

**ASISTEN:**

BNG

TOBIAS BETANZOS REGO

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

ADELINA CES QUINTANS

RAQUEL GARCIA ABUIN

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

PP

MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO

ELISA BOUZAS VICENTE

ADELA BECERRA MAYO

ADRIÁN VIDAL IGLESIAS

MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN

PSdeG-PSOE

MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

MARTÍN COMOJO VICENTE

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON

ANTONIO CASTRO CASTRO

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

**SECRETARIA:**

PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación acta pleno ordinario nº 4/2017 de 27 de abril de 2017
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Aprobación do Convenio colaboración: Concellos Pobra e Rianxo: Obradoiro de Emprego
4. Modificación da Ordenanza reguladora para a tenencia, defensa e protección dos animais de compañía
5. Moción presentada polo Grupo municipal Rianxo en Común: Promoción do comercio local
6. Moción presentada polo Grupo municipal Rianxo en Común: Creación dun parque de autocaravanas
7. Moción presentada polo grupo municipal Rianxo en Común: Instalación dun punto de recarga de baterías eléctricas para vehículos

## 8. Rogos e preguntas

### 1. APROBACIÓN ACTA PLENO ORDINARIO Nº 4/2017 DE 27 DE ABRIL DE 2017

- **A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 4/2017 de 27/04/2017.**

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27/04/2017, Acta 4/2017.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE, ENGADE:**

no punto de Rogos e Preguntas onde di:

*O espello en Campo Lameiro colocouse non sei se onte ou hoxe se arranxou*

debe dicir:

***O espello en Campo Ribeiro colocouse non sei se onte ou hoxe se arranxou***

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta coa corrección sinalada.

### 2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2017 ata o 30/04/2017, que comprenden os números 265/2017 ao 359/2017, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 6 da Sesión ordinaria do día 10/04/2017
- Acta nº 7 da Sesión ordinaria do día 24/04/2017

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

### **3. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DA POBRA DO CARAMIÑAL E RIANXO PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “DE CASTELAO A VALLE-INCLAN” E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA O ABEIRO DA ORDE DE 29 DE MARZO DE 2017 ( DOG Nº 70 DO 10/04/ 2017)**

Considerando que o presente convenio ten por obxecto a creación dunha agrupación entre os Pobra e Rianxo para colaborar na xestión compartida do obradoiro de emprego “Curota” e solicitude conxunta dunha axuda o abeiro da orde de 29 de marzo de 2017 ( Dog nº 70 do 10/04/ 2017)

Considérase que a fórmula máis axeitada para prestar o servizo é que o Concello de Rianxo encomende o exercicio no Concello de A Pobra a contratación do persoal, dos servizos, subministros, obras necesarios para o desenvolvemento do obradoiro.

O Concello de Pobra actuará como coordinador, interlocutor, preceptor e xustificador da axuda.

A través da firma deste convenio o concello de Rianxo encoméndalle o Concello de A Pobra a facultade de contratación do persoal , servizos e suministros e obras necesarias para a execución do obradoiro de emprego.

Esta delegación en ningún caso suporá a cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá sendo municipal, senón unicamente o seu exercicio.

Visto o contido do proxecto e unha vez sexan emitidos os informes de Secretaría e Intervención de data 09/05/2017 Propoño o pleno :

#### **PRIMEIRO**

Aprobación do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DA POBRA DO CARAMIÑAL E RIANXO PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “DE CASTELAO A VALLE-INCLAN” E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA O ABEIRO DA ORDE DE 29 DE MARZO DE 2017 ( DOG Nº 70 DO 10/04/ 2017) . Documento Anexo I .**

#### **SEGUNDO**

Aprobación a encomenda o Concello de A Pobra da facultade de contratación do persoal, servizos, suministros e obras necesarias para a execución do obradoiro de emprego.

#### **TERCEIRO**

Publicar no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña o Convenio sometendo o mesmo a exposición pública durante un prazo de 15 días naturais no caso de non interperse reclamacións dito acordo entenderase aprobado definitivamente.

#### **CUARTO**

Notificar a o Concello de A Pobra o presenta acordo

#### **QUINTO**

Facultar o Sr Alcalde para a realización de cantos trámites sexan necesarios para a súa formalización e adhesión de acordo co convenio aprobado anteriormente.

**Anexo I “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DA POBRA DO CARAMIÑAL E RIANXO PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “De Castelao a Valle-Inclán” E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 29 DE MARZO DE 2017 (DOG Nº 70 DO 10/04/2017).**

Na Casa do Concello da Pobra do Caramiñal, a -----de maio de 2017.

**COMPARECEN**

D. José Luís Piñeiro García, Alcalde-Presidente do Concello de A Pobra do Caramiñal, é o seu representante legal consonte ao disposto nos arts. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

D. Adolfo Muíños Sánchez Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, é o seu representante legal consonte ao disposto nos arts. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente convenio,

Da fe do acto, D. Guillermo J. Fernández López, Secretario do Concello da Pobra do Caramiñal

## EXPOÑEN

I. Que mediante a Orde do 29 de marzo de 2017 establécense as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

II. Que o art. 3 da Orde citada dispón que terán a condición de beneficiarios e poderán promover os proxectos de obradoiros de emprego as entidades locais, sempre que sexan competentes para a execución das correspondentes obras ou servizos, dispoñan da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos e teñan un número mínimo de 500 persoas desempregadas no seu ámbito territorial. Así mesmo, o art. 21 da Orde fomenta a presentación de proxectos conxuntos polas entidades locais.

III. Que os concellos da Pobra do Caramiñal e Rianxo cumpren cos requisitos establecidos para ter a condición de beneficiarios das subvencións para programas mixtos de emprego e formación, e que é do seu interese promover a execución conxunta do proxecto "Obradoiro de Emprego De Castelao a Valle-Inclán"

IV. Que os concellos teñen capacidade xurídica plena para obrigarse, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas competencias, consonte ao disposto nos arts. 140 CE, 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 111 RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e 10, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Exposto o que antecede e co fin de establecer as condicións de colaboración entre os concellos da Pobra do Caramiñal e Rianxo para a promover o proxecto "Obradoiro de Emprego De Castelao a Valle-Inclán" e solicitar unha axuda para o seu financiamento ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de marzo de 2017, conveñen en obrigarse con arranxo ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio.

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións de colaboración entre os concellos da Pobra do Caramiñal e Rianxo, para a promoción e execución dos proxectos "Obradoiro de Emprego De Castelao a Valle-Inclán" e para a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha axuda para o seu financiamento, ao abeiro da súa Orde do 29 de marzo de 2017 establécense as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Mediante o presente convenio, ao abeiro do disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, e en aras de dotar á actuación dunha maior eficacia, o Concello de Rianxo encomenda ao Concello da Pobra do Caramiñal as seguintes funcións:

- A capacidade para levar a cabo as contratacións dos servizos, subministros e obras que puideran resultar necesarios para a execución do obradoiro.
- A capacidade para efectuar as contratacións de persoal necesarias para dotar o persoal necesario.

A solicitude do obradoiro de emprego co nome de "De Castelao a Valle-Inclán", realizarase conxuntamente entre os concellos da Pobra do Caramiñal e Rianxo, no que se impartirá os módulos de "ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES" e de "PROMOCIÓN TURÍSTICA LOCAL E INFORMACIÓN AO VISITANTE". O obradoiro solicitarase para 15 alumnos-traballadores en cada un dos módulos sendo a distribución por concello a seguinte:

- Concello de A Pobra: 7 alumnos- traballadores en cada un.

- Concello de Rianxo: 8 alumnos- traballadores en cada un.

As actuacións a levar a cabo nos concellos son as seguintes:

Capítulo A Pobra do Caramiñal:

- ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES:
  - Acondicionamento, limpeza, conservación e construción dun invernadoiro e sementeiro en terreos municipais situados a carón do Colexio de Educación Primaria Pilar Maestú Sierra.
- PROMOCIÓN TURÍSTICA LOCAL E INFORMACIÓN AO VISITANTE:
  - Museo Valle-Inclán.
  - Oficina de turismo – Casa mariñeira.
  - Roteiro Valle-Inclán.
  - Roteiro dos cruceiros.

Capítulo Rianxo: Plan Viario e de Accesibilidade

- ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES:
  - Roteiro ambiental polo Río Té.
- PROMOCIÓN TURÍSTICA LOCAL E INFORMACIÓN AO VISITANTE:
  - Museo Manuel Antonio.
  - Museo do Mar.
  - Roteiro Castelao.

O persoal directivo, docente e de apoio a contratar, para o caso que nos concederan os 30 alumnos (1 docente a xornada completa por cada oito alumnos, artigo 27.4 da citada orde):

**Xornada Completa:** 1 Director, 2 mestres para cada especialidade a impartir, 1 Auxiliar Administrativo, 1 titor

**Media Xornada:** 1 mestre de educación básica, 1 mestre de formación empresarial

No caso de ser concedido o Obradoiro de emprego, pero o número de alumnos sexa menor ao solicitado a porcentaxe de distribución de alumnos será a seguinte:

- Concello de A Pobra: 45 %
- Concello de Rianxo: 55 %

\*\* (A cifra redondearase ao número enteiro máis próximo)

**SEGUNDA.- Ámbito de aplicación.**

O ámbito de aplicación subxectivo e material do presente convenio limitase aos concellos da Pobra do Caramiñal e Rianxo e aos seus termos municipais, respectivamente.

**TERCEIRA.- Obrigas das partes.**

Os concellos da Pobra do Caramiñal e Rianxo, para a consecución dos fins a que responde o convenio, obríganse a:

- Adoptar os acordos necesarios para a aprobación do proxecto do “Obradoiro de emprego De Castelao a Valle-Inclán” e para a solicitude da subvención para o seu financiamento á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da súa Orde do 29 de marzo de 2017.
- Asumir todas as obrigas detalladas na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de marzo de 2017, singularmente as previstas no seu art. 37 e, de xeito específico, a procurar a inserción laboral posterior das persoas desempregadas participantes no proxecto, ben como traballador por conta allea ou ben mediante a súa constitución como traballador autónomo ou por conta propia.
- A por a disposición do proxecto “Obradoiro de Emprego De Castelao a Valle-Inclán” os inmobles sobre os que este se executará e que se definen na documentación técnica do referido proxecto. A posta a disposición acreditarase mediante certificación expedida pola Secretaría Municipal ou, no seu caso, documento de cesión para o uso público por tempo non inferior a vinte e cinco (25) anos, sempre que se mantenga a afectación á actividade aquí tratada, e cos límites establecidos na lexislación de réxime patrimonial das Administracións Públicas e na lexislación civil concordante.

- A achegar a documentación necesaria para a execución do proxecto “Obradoiro de Emprego De Castelao a Valle-Inclán” incluídas, no seu caso, as autorizacións sectoriais pertinentes, e a que sexa necesaria para a solicitude, tramitación e xustificación da subvención regulada na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de marzo de 2017.
- A achegar o financiamento preciso para a execución do “Obradoiro de Emprego De Castelao a Valle-Inclán” con arranxo ao previsto na cláusula cuarta deste convenio.

**CUARTA.- Xestión do procedemento de solicitude, tramitación e xustificación da axuda.**

Para os efectos de xestión do procedemento relativo á subvención do proxecto de “Obradoiro de Emprego De Castelao a Valle-Inclán” o Concello da Pobra do Caramiñal solicitará a axuda prevista na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de marzo de 2017 e realizará os trámites administrativos necesarios para a súa xestión e xustificación. Para a realización de toda a tramitación precisa, facúltase expresamente ao seu Alcalde-Presidente, D. José Luís Piñeiro García, para levar a cabo todos aqueles trámites necesarios.

O Concello da Pobra do Caramiñal, como beneficiario e solicitante da subvención, ostentará a condición de representante.

De acordo co exposto, o Concello da Pobra do Caramiñal terá a consideración de beneficiario da subvención que, no seu caso, se outorgue e asumirá a contratación e o custo das retribucións salariais totais (incluída as cotización empresarial á Seguridade Social), por todos os conceptos do persoal contratado (alumnos- traballadores, persoal directivo, docente e de apoio) en desenvolvemento do obradoiro de emprego “De Castelao a Valle-Inclán”, tendo a consideración de entidade empregadora.

Sen prexuízo do indicado, o grupo de traballo mixto a que se refire o art. 10 da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de marzo de 2017 estará integrado por persoal dos concellos participantes.

O financiamento dos custos necesarios para a execución do proxecto que non sexan subvencionados, incluídos os necesarios para a solicitude da subvención, farase efectivo consonte ás seguintes regras:

- Cada concello comprométese a dotar os créditos orzamentarios necesarios para asumir a totalidade dos gastos non comúns do proxecto, entendendo por tales os correspondentes a bens ou servizos implantados ou prestados unicamente no seu termo municipal.
- Cada concello asumirá segundo ás seguintes porcentaxes os gastos comúns, entendendo por tales os correspondentes a custes de persoal ou bens e servizos non imputables a ningún deles individualmente:
  - Concello de A Pobra: 50 %
  - Concello de Rianxo: 50 %
- A Dirección do obradoiro de emprego, de maneira mensual e así como no momento da finalización do obradoiro, e atendendo ao proxecto executado, elaborará un informe clasificando os gastos como comúns ou non comúns. Ao informe xuntarase relación certificada e copia autenticada das facturas correspondentes presentadas no concello que ten a consideración de beneficiario da subvención, neste caso Concello da Pobra do Caramiñal.
- O Concello de Rianxo, logo de recibir a documentación indicada no parágrafo que antecede, transferiralle no prazo de un (1) mes o ao Concello da Pobra do Caramiñal a totalidade da achega económica ao seu cargo.
- No caso de que fose necesaria a realización dun gasto cuxa contía poidera supor un risco para a facenda do Concello da Pobra do Caramiñal, e este fose un custo compartido, este poderá requerir do Concello de Rianxo certificado de existencia de crédito con carácter previa a realización do gasto, e o pago da parte proporcional unha vez sexa a débeda esixible consonte as normas en materia orzamentaria.
- O Concello de Rianxo aportará, no momento de inicio do obradoiro e posteriormente con carácter trimestral, certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente para satisfacer a parte que lle corresponda dos custos da actividade.

As modificacións do proxecto “Obradoiro de emprego De Castelao a Valle-Inclán” requirirán da previa aprobación ou conformidade dos dous concellos.

Para o caso de ser precisas para a execución do proxecto autorizacións sectoriais, sen prexuízo de que sexan achegadas polos concellos, facúltase expresamente ao Concello da Pobra do Caramiñal e ao seu Alcalde- Presidente para a súa solicitude.

**QUINTA.- Cumprimento do convenio.**

O incumprimento das obrigas consignadas no convenio por calquera das partes facultará ás outras para interromper o seu cumprimento e solicitar a súa resolución, que se producirá automaticamente transcorridos quince (15) días naturais.

A resolución do convenio suporá que os concellos que non teñan a consideración de beneficiarios da subvención procedan ao aboamento dos gastos non subvencionados efectivamente realizados nas condicións e prazos previstos na cláusula cuarta.

**SEXTA.- Interpretación do convenio.**

As dúbidas que poidan xurdir en cumprimento do convenio serán resoltas de mutuo acordo por unha comisión integrada por igual número de vogais de cada concello, designados polos respectivos Alcaldes- Presidentes.

**SÉTIMA.- Vixencia do convenio e causas de extinción.**

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e ata o total cumprimento das obrigas que nel se establecen.

Ademais de polo transcurso do seu prazo de vixencia, o presente convenio extinguirase polas seguintes causas:

1. Polo non outorgamento da subvención para o obradoiro de emprego conxunto.
2. Pola súa resolución, a instancia de parte ou de mutuo acordo.

**OITAVA.- Réxime xurídico.**

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose, ademais de polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Orde do 29 de marzo de 2017 establécense as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, polo disposto nas Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, polo Dereito Administrativo e, supletoriamente polo Dereito Civil.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir derivadas do seu cumprimento, interpretación ou resolución serán de coñecemento da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

En proba de conformidade, os comparecentes asinan por duplicado o presente documento, no lugar e data indicados no encabezado.

**O ALCALDE, TOMA A PALABRA:**

Expón que se trae este acordo o pleno por concurrir en colaboración co Concello de A Pobra, a maiores solicitouse outro pero para ter mais posibilidades e acadar mais puntuación

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

**DEBATE:****O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN:**

Manifesta que van apoiar esta proposta, que é unha boa idea e oportunidade de que Arousa-Norte vaia mais ala coa democratización da Mancomunidade. Todas as accións da Formación son necesarias, os perfis profesionais gústanos máis que os de outros talleres de formación aínda así non nos gusta moito a práctica dos roteiros.

**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:**

Estamos de acordo co proxecto pero votamos de menos que este tema non se tratará antes nunha xunta de portavoces, se teña estudado antes de traelo o pleno .

**A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Vamos apoialo aínda podería se mais beneficioso

**O ALCALDE:**

Noutros talleres solicitados en anos anteriores onde participaron mais concellos a Rianxo so lle corresponderon 5 alumnos. Estamos a tempo de modificar o traballo de buscar ampliación da zoa verde do Polígono de limpar especies autóctonas. Os prazos das convocatorias son moi curtos para elaborar os proxectos pero tomamos nota da chamada ade atención e estamos abertos para futuros escolas taller escoitar propostas e buscar consenso na especialidade.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constituían, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **4. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA PARA A TENENCIA, DEFENSA E PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA**

Con data 15/05/2017 sometese a COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E ANIMAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE, a seguinte proposta :

O concepto de benestar animal, pretende garantir aos mesmos, unha vida conforme a súa propia natureza e as atencións mínimas que deben recibir os animais en canto ao trato, hixiene, coidado, protección e transporte, facilitando o seu desenvolvemento integral e natural.

Un animal de compañía ten que ser educado para a convivencia coas persoas, sendo esta convivencia un fenómeno social común a case tódalas culturas dende hai miles de anos, e desas persoas que o incorporan a súa convivencia vai depender en exclusiva o seu benestar, converténdose este nunha responsabilidade directa das mesmas. Dende o concello damos un paso para facer máis efectiva esta convivencia.

O DECRETO 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no seu artigo 49, punto 4, di:

As autoridades municipais limitarán ou prohibirán, se é o caso, as zoas e horas en que poidan circular ou permanecer os cans e outros animais sobre os parques, praias e outros espazos públicos, especialmente os frecuentados por nenos, do seus respectivos termos municipais. Prohíbese expresamente a presenza de animais nas piscinas públicas durante a temporada de baños.

A fin de desenvolver o establecido no artigo 49 da dita Lei, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

##### **PRIMEIRO**

Aprobar a modificación da ordenanza reguladora para a tenencia, defensa e protección dos animais de compañía no seu artigo 4 que di:

“Queda prohibido o acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concorrencia pública en que a súa estancia resulte desaconsellable por razóns hixiénicas e sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento inconciliables coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Nos parques, praias, piscinas e calquera outro lugar de concorrencia e titularidade pública, sempre que as circunstancias o permitan cotaranse zonas separadas debidamente sinalizadas para a estancia de animais domésticos, en condicións tales que non constitúan un perigo para os restantes usuarios.”

Quedando redactado da seguinte forma:

Restrínxese o acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concorrencia pública en que a súa estancia resulte desaconsellable por razóns hixiénicas e sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento inconciliables coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Nos parques, praias, piscinas e calquera outro lugar de concorrencia e titularidade pública, sempre que as circunstancias o permitan cotaranse zonas separadas debidamente sinalizadas para a estancia de animais domésticos, en condicións tales que non constitúan un perigo para o resto das persoas usuarias.

Permítese a presenza de animais de compañía nos areais rianxeiros dende as 21:00 horas ata as 09:00, na tempada de verán.



As persoas responsables dos animais deberán exercer sobre aqueles un control suficiente e axeitado, en atención as súas específicas características para evitar riscos para a cidadanía e/ou outros animais, utilizando correa e bozo de ser preciso para conseguir unha convivencia efectiva.

As persoas responsables teñen a obriga a recoller convenientemente os excrementos e depositalos ou ben en bolsas de lixo domiciliaria, colectores ou ben naqueles lugares que a autoridade municipal destine expresamente a esta finalidade.

## SEGUNDO

Proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

De presentárense reclamacións ou suxestións, estas serán resoltas polo Pleno. En caso contrario, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E ANIMAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE, do día 15/05/2017,

Na comisión solicitouse que se introducisen unha serie de emendas para o cal a concelleira elaborou un novo texto que foi trasladado os concelleiros co seguinte contido que hoxe se trae a pleno:

## PRIMEIRO

Aprobar a modificación da ordenanza reguladora para a tenencia, defensa e protección dos animais de compañía no seu artigo 4 que di:

“Queda prohibido e acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concorrencia pública en que a súa estancia resulte desaconsellable por razóns hixiénicas e sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento inconciliables coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Nos parques, praias, piscinas e calquera outro lugar de concorrencia e titularidade pública, sempre que as circunstancias o permitan cotaranse zonas separadas debidamente sinalizadas para a estancia de animais domésticos, en condicións tales que non constitúan un perigo para os restantes usuarios.”

Quedando redactado da seguinte forma:

Restrínxese o acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concorrencia pública en que a súa estancia resulte desaconsellable por razóns hixiénicas e sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento inconciliables coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Nos parques, praias, piscinas e calquera outro lugar de concorrencia e titularidade pública, sempre que as circunstancias o permitan cotaranse zonas separadas debidamente sinalizadas para a estancia de animais domésticos, en condicións tales que non constitúan un perigo para o resto das persoas usuarias.

Permítese a presenza de animais de compañía nos areas rianxeiros dende as 21:00 horas ata as 09:00, na tempada de verán. Enténdese como tempada de verán dende o 1 de xuño ate o 30 de setembro. Fora desta tempada, o acceso está permitido sempre que as circunstancias o permitan, sendo as autoridades competentes quen tomen a decisión ante circunstancias de excepcionalidade.

As persoas responsables dos animais deberán exercer sobre aqueles un control suficiente e axeitado, en atención as súas específicas características para evitar riscos para a cidadanía e/ou outros animais, utilizando correa e bozo de ser preciso para conseguir unha convivencia efectiva. Os can considerados potencialmente perigosos deben cumprir a normativa específica da súa categoría.

As persoas responsables teñen a obriga a recoller convenientemente os excrementos e depositalos ou ben en bolsas de lixo domiciliaria, colectores ou ben naqueles lugares que a autoridade municipal destine expresamente a esta

finalidade.

## SEGUNDO

Proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

De presentáronse reclamacións ou suxestións, estas serán resoltas polo Pleno. En caso contrario, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

A concelleira do BNG Hadriana Ordoñez Otero defende a proposta

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

## DEBATE:

### O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Nos xa manifestamos na comisión que estabamos de acordo, nos xa trouxemos en forma de rogo unha proposta similar. Cando saiga a Lei de protección de Benestar deberá adaptarse a nosa ordenanza do ano 1996, parécenos segue sendo necesario delimitar zoas de espacemento.

### A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Nos estamos de acordo.

### A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Estamos de acordo, non queremos delimitar unha praia.

### A CONCELEIRA DO BNG HADRIANA ORDOÑEZ OTERO, ENGADE:

Na comisión houbo espazo pa propoñer unha praia en concreto e non houbo propostas. Elaborarase unha modificación da ordenanza que quedou suspendida porque se estaba a tramitar a modificación da lei de pero dado que non se aprobou e o verán ven encima.

Aquí hai grandes areas que son zoas onde os animais poden correr a policía local vixiará de que se cumpra o aprobado polo pleno .

### O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

Quen goberna ten que traer propostas, non vamos traer unha praia en concreto.

### O ALCALDE TOMA A PALABRA:

Temos so 7 areas e todos os que van moitas familias nos tamén estamos en minoría e seguramente non hai respaldo para unha praia en concreto.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada, quedando o seguinte acordo:

## PRIMEIRO

Aprobar a modificación da ordenanza reguladora para a tenencia, defensa e protección dos animais de compañía no seu artigo 4 que di:

“Queda prohibido o acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concorrencia pública en que a súa estancia resulte desaconsellable por razóns hixiénicas e sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento inconciliables coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Nos parques, praias, piscinas e calquera outro lugar de concorrencia e titularidade pública, sempre que as circunstancias o permitan cotaranse zonas separadas debidamente sinalizadas para a estancia de animais domésticos, en condicións tales que non constitúan un perigo para os restantes usuarios.”

Quedando redactado da seguinte forma:

Restrínxese o acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concorrencia pública en que a súa estancia resulte desaconsellable por razóns hixiénicas e sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento inconciliables coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Nos parques, praias, piscinas e calquera outro lugar de concorrencia e titularidade pública, sempre que as circunstancias o permitan cotaranse zonas separadas debidamente sinalizadas para a estancia de animais domésticos, en condicións tales que non constitúan un perigo para o resto das persoas usuarias.

Permítese a presenza de animais de compañía nos areais rianxeiros dende as 21:00 horas ata as 09:00, na tempada de verán. Enténdese como tempada de verán dende o 1 de xuño ate o 30 de setembro. Fora desta tempada, o acceso está permitido sempre que as circunstancias o permitan, sendo as autoridades competentes quen tomen a decisión ante circunstancias de excepcionalidade.

As persoas responsables dos animais deberán exercer sobre aqueles un control suficiente e axeitado, en atención as súas específicas características para evitar riscos para a cidadanía e/ou outros animais, utilizando correa e bozo de ser preciso para conseguir unha convivencia efectiva. Os can considerados potencialmente perigosos deben cumprir a normativa específica da súa categoría.

As persoas responsables teñen a obriga a recoller convenientemente os excrementos e depositalos ou ben en bolsas de lixo domiciliaria, colectores ou ben naqueles lugares que a autoridade municipal destine expresamente a esta finalidade.

## SEGUNDO

Proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

De presentárense reclamacións ou suxestións, estas serán resoltas polo Pleno. En caso contrario, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

## **5. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A reactivación dunha área de poboación ten como un dos seus motores o intercambio económico

interno que dentro da mesma se produce, porque xenera emprego nos distintos elos da cadea de produción, contribuíndo polo tanto o aumento dos servizos dos que se benefician quen alí habitan, e consecuentemente ó asentamento de poboación.

Un comercio local saneado é unha condición básica de benestar para calquera vila, polos rendementos económicos que produce pero tamén polo intercambio social que xenera. No camiño de desenvolver un forte tecido económico local, cómpre apostar, entre outras medidas, pola promoción do comercio de proximidade, a pequena empresa, os mercados de abastos e os comercios detallistas onde comercializar produtos da comarca e das áreas de proximidade.

Son moitos os estudos que ven no comercio local e de proximidade un dinamizador económico e social, tanto nas vilas coma nos barrios das grandes cidades. Non hai que esquecer ademais a importancia que posúe o mantemento deste sector no ámbito rural, aspecto de especial relevancia na realidade de dispersión poboacional no noso Concello.

A posta en valor do Comercio Local é labor de todos e todas, en primeiro lugar do propio sector, pero tamén da veciñanza que o ten que ter como a súa primeira opción, e tamén do propio concello que debe xogar unha labor de catalizador e dinamizador.

Por todas as razóns anteditas, o grupo municipal de Rianxo en Común proponlle ó pleno a adopción do seguintes ACORDOS:

1. Estudar as Ordenanzas Fiscais do concello para ver se as obrigas e condicións impositivas se axustan á realidade do noso pequeno comercio.
2. Planificar unha Campaña de Apoio e Promoción do Comercio Local na procura de sensibilizar á veciñanza sobre a importancia deste sector; prestando especial atención á posta en valor do Mercado Municipal.
3. Dar apoio e asesoramento nos trámites burocráticos tanto a novos emprendedores como aos comercios xa establecidos, informando e colaborando nas xestións de axudas e subvencións doutras administracións e organizando ademais cursos e/ou xornadas de formación.
4. Establecer canles comunicación eficientes entre o pequeno comercio rianxeiro e o Concello para estudar necesidades e colaborar na xestión das mesmas.

O voceiro do grupo municipal Rianxo en Común defende a moción:

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

#### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:**

Estamos de acordo oxala estas medidas axuden a xente a mercar na noso concello

#### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Estamos de acordo oxala propios comerciantes se unan e poidan facer mais forza, é necesario medidas concretas .

#### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:**

Estamos totalmente de acordo no que a exposición de motivos se refire. Polo que xa estamos actuando nese senso.

No punto 3 dicir que xa o estamos levando acabo, todos os emprendedores e comerciantes que nolo

solicitan apoiámoslos e transmitimolle toda a información que esta na nosa man.

Organizamos cursos e xornadas: neste ano pois o ano pasados tamén as fixemos: co título Auto-emprego: unha oportunidade, Atrévete. Empezamos no pasado mes de abril unhas charlas a desempregados impartido por unha economista da Cámara de Comercio de Compostela e o próximo venres esta prevista outra no IES Félix Muriel, para os rapaces de ciclos e bacharel.

Tamén estamos a espera dun presuposto para un curso e xornadas formativas que inclúe:

Plan de mellora en comercio formación especializada en comercio, fidelización

lexislación en materia comercial, comercio electrónico, redes sociais, etc. Que vai dirixido tanto os que xa teñen comercio como os posibles emprendedores.

Tamén na praza de abastos se está apostando pola súa posta en valor:

Decoramos os postos baleiros co ideas de negocio por valor de 1380 euros

Habilitamos 4 postos novos para novos negocios con un orzamentos de 37171 euros e que por fin vamos poder licitar pois aprobouse a incoación na pasada xunta de goberno

Fixemos animación como: A promoción dos produtos de temporada cos foros ecolóxico: coa feira de outono e merca nadal, proximamente teremos a feira de produto de primavera -verán, bonos de merca concilia, un concurso de pratos para promocionar os produtos do bou de vara, Visitáronos os Bólechas, e coa campaña de Quere o teu mercado os rapaces do CEIP Castelao fixeron varias visitas, Amañouse a porta, etc con un gasto de sobre de 1700euros

Polo que como ven xa estaría incluído o punto 4 pois todas estas actividades fanse en colaboración cos distintos representantes de cada zona ou directivas de persoas e ou colectivos os que vai dirixido, hai como non podía ser de outra maneira unha comunicación fluída entre o sector e o Concello.

O punto 1 dicir que sempre estamos estudando que as obrigas sexas as máis axustadas para todos os cidadáns en xeral, teñen vostedes as ordenanzas fiscais que son públicas e foron aprobadas por o plenos, para que vexamos se axustan ou non e podemos ver devolver a estudalas, pero dicirlles que as maioría das taxas e impostos están conxelados ou algunha incluso baixou exemplo: água está conxelado dende o 2012, lixo dende o 2013, licencias de apertura dende antes do 2012, O IBI subiu como vostedes saben por o axuste, pero xa o baixamos 2 veces dende o noso tramo ata o 0.57, o CIO Baixou do 3 ao 2%. A taxa de obras fíxose un custo mínimo por custo do proxecto e o IAE non paga a non ser que pasen de 1.000.000 de euros

A sensibilización á veciñanza é tamén en colaboración coas distintas asociacións chámese ARE e aprobadas na Mesas de comercio local coa ERE e coa dinamización de Nadal e outras

Polo tato dicir que estamos de acordo, coa exposición de motivos pois somos sensibles e estamos de acordo no que significa o comercio de proximidade e por iso estamos traballando cóbado o a cóbado con eles e estamos traballando para que Rianxo tamén en comercio e emprendemento se poña no camiño de desenvolver cun forte tecido económico que dinamice e contribuíra ó asentamento local esperamos máis concreción para ver entre todas outras melloras que suxiran votamos a favor

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta

## 6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: CREACIÓN DUN PARQUE DE AUTOCARAVANAS

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Rianxo conta cun amplo abano de recursos con potencial de atraer visitantes e xerar pernoctacións no concello. Algúns destes recursos forman parte da oferta turística do concello, mentres outras precisan dunha posta en valor para chegaren a converterse en produto turístico con capacidade de atracción de visitantes. Alén disto, a contorna do concello conta tamén con elementos de atracción que poden contribuír á xeración de fluxos de visitantes, tendo como lugar de pernocta o propio concello.

O denominado turismo de autocaravana é un turismo diferente á modalidade tradicional de oferta hoteleira que agromaba ao carón das praias do Mar Mediterráneo, primeiro e logo no resto do litoral, nas derradeiras décadas do século XX. É unha evolución natural do turismo cultural que permitía despegar a oferta de grandes territorios de interior no cambio de milenio. Trátase dun turismo ao aire libre e compatible co medio ambiente.

Esta modalidade de turismo ten un longo percorrido no continente europeo contando con infraestruturas de calidade en países como Francia, Holanda e incluso no Algarve luso.

Asemade a oferta en España está experimentando un proceso acelerado de cambio, posto que cada vez son máis os concellos que apostan por sumarse a este fenómeno.

Numerosos municipios de interior e o litoral cantábrico apostan xa por ofertar espazos e servizos que permiten unha inxección económica que compensa de lonxe a de reducida inversión de acondicionamento das infraestruturas necesarias. Ofrécense así todas as facilidades para que este turismo se sinta ben recibido e aumente os días de pernocta en destino, co conseguinte retorno económico especialmente centrado en hostalaría e pequeno comercio de produtos locais, gastronomía, etc. Calcúlase que en España existen arredor de 40.000 autocaravanas. Estas son empregadas por milleiros de persoas para percorrer o territorio estatal ao longo do ano.

Cifras ás que deberían sumarse as furgonetas non recoñecidas como autocaravanas e os milleiros de vehículos con matrícula europea que cada ano entran na Península Ibérica por Pirineos, así é que países como Francia contan cunha flota total de 400.000 autocaravanas rexistradas. Cifras que cuestionan falsos mitos como o reducido impacto económico deste tipo de turismo.

A propia administración central, consciente desta realidade, ten adaptado o Regulamento Xeral da Circulación para este tipo de vehículos aos estándares comunitarios europeos.

De modo que os seus usuarios xa non poden ser discriminados sempre que respecten as medidas e pesos indicados para cada calzada. Diferenciando deste modo entre acampar e aparcar, reivindicación histórica do colectivo.

Con todo, e malia aos avances destes cambios normativos, este tipo de turismo demanda de servizos complementarios ao simple feito de aparcar nun lugar concreto. Demanda cando menos acceso a auga potable, baleirado de wc e augas usadas, electricidade e wifi.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Rianxo en Común proponlle ó pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Facer un estudo contemplando as distintas variables de carácter urbanístico, económico, etc para

ver cal podería ser a ubicación máis idónea, tendo en conta tanto as necesidades dos usuarios como as dos veciños da zona onde se vaia instalar.

2. Elaboración do proxecto, asignación do orzamento e execución das obras no período de tempo máis breve posible.

O voceiro do grupo municipal Rianxo en Común, despois de expoñer a moción manifesta que saben que ten aspectos controvertidos, non temos interese en que se aprobe pero si en que se discuta.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

##### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE;**

A nos parécenos ben, este tipo de turismo se contan con estes servizos este colectivo pode escoller Rianxo.

##### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:**

Sobre esta moción falouse varias veces polo pleno, na zoa no Castillo, non sabemos porque non saíu adiante, o Partido Popular apoia este tipo de turismo dende hai tempo.

##### **A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:**

Este equipo de goberno estivo contemplando a viabilidade de facilitar aparcamento adecuado a este modalidade de turismo para que puidesen ter todas as comodidades posibles sen que impedise ou se interpusese na vida dos demais veciños no chegamos aínda a dar ca localización adecuada posto que non é fácil encontrar a zona na que poidan ter todos os servizos e sexa cómoda para aparcar sen molestar, O que mellor viamos era en zona de portos iso si dende este equipo de goberno sempre se pensou en que este servizo tiña que ser pagado polos usuarios, cousa que non define a moción, pois tamén pensamos que non podemos suplir ou facerlle competencia a iniciativa privada, e en Rianxo hai un Cámping que ten a disposición deste colectivo xa un parque de estas características e a prezos moi reducido.

Votaremos a favor se é sen electricidade e sen Wi-Fi, so o básico e cobrando unha taxa

##### **O ALCALDE TOMA A PALABRA:**

Desbotouse o Castillo por insuficiencia de espazo e pendente, so deixa no casco a zoa de Portos

##### **O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN,**

E unha moción ambigua non queremos entrar en competencia desleal

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta

## **7. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: INSTALACIÓN DUN PUNTO DE RECARGA DE BATERÍAS ELÉCTRICAS PARA VEHÍCULOS**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O reto do cambio climático polo incremento da emisión de gases con efecto invernadoiro, esixe tomar medidas para a redución das emisións de CO2 en tódolos ámbitos onde estas se producen. No noso caso temos aprobada unha moción para asinar o pacto dos alcaldes contra o cambio climático, que nos compromete a unha redución do 40% das emisións antes de 2030. Como dicíamos precisamente cando propoñíamos asinar o pacto dos alcaldes, o transporte de persoas e mercadorías é unha das principais fontes de emisións, e de entre estas o coche privado ten unha evolución que pode facer do mesmo a principal ameaza contra o clima. Bastan para ilustrar o que vimos de dicir que no conxunto do estado temos 0,46 coches por persoa, que supoñen un consumo de enerxía de máis do 35% do total, e que no 97% é enerxía derivada do petróleo.

Os coches son, na nosa forma de vida, algo o que dificilmente podemos renunciar, pero que ó mesmo tempo están supoñendo un enorme problema para o planeta. Teríamos polo tanto que intentar manter as súas vantaxes minimizando os inconvenientes: renunciando ó seu uso cando non fora necesario, utilizando o transporte público cando fora posible, compartindo coche ou tendo coches máis eficientes. De tódalas medidas esta última non é a mellor, pero si é a que menores cambios implica pola nosa parte, e polo tanto a que seguramente estaríamos máis dispostos a implantar.

Hai estudos que din que se queremos seguir usando o coche como o facemos e queremos cumprir os obxectivos de redución de emisións, debería haber no estado 300.000 coches eléctricos no 2020. Partimos dunha situación de arredor de 12.000 coches eléctricos, un 0,08% do total. No extremo oposto estaría Noruega, un país que tendo o petróleo como principal fonte de ingreso ten un 20% de coches eléctricos.

Moitas son as razóns da baixa implantación deste tipo de vehículos, o custo, autonomía e o tempo de recarga das baterías aparecen entre as principais. En ningún caso un concello pode revertir estas causas. Pero aparece tamén como unha dificultade a falta de puntos de recarga das baterías, e neste punto pensamos que un concello, aínda pequeno coma o noso, podería contribuír a paliar esta situación. Suporía para as arcas do concello un investimento moi pequeno, e pola contra poderíámolo utilizar como un factor diferenciador, en unha situación onde, a falta de datos fiables, os puntos de recarga non son abundantes.

Por todo o anterior propoñemos ó pleno da corporación a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

1. Facer un estudo dos modelos de cargadores existentes.
2. A instalación dun punto de recarga nos aparcadoiros de titularidade municipal.
3. Que se aplique un desconto no imposto de rodaxe, que poida chegar ó 75% , ós vehículos con 0% de emisións de gases con efecto invernadoiro.
4. Facer campañas divulgativas alentando formas de mobilidade que xeren menos emisións.

O voceiro do grupo municipal Rianxo en Común defende a moción



Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

#### A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Manifesta que están de acordo en que Rianxo poida ter este servizo e poida recargar.

#### A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

O noso grupo ve ben que se poida empuxar, é necesario facer estudo de costes previo, partidarios mire a realidade de vehículos do Concello de Rianxo.

#### A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Esta moción gustaríamos máis si incidira de verdade no que di o punto 4 alentar a outras formas de mobilidade e no reto de redución do CO2, pero esta mesmo parece que o que se quere e cambiar o modelo de coche explícome dinos por unha parte que hai moitos coches e que é un problema e polo outro pídesenos que subvencionemos coches privados. A subvencións a os automoción é cousa do Estado.

A nos gustaríanos máis se fose subvencionar e ou implantar estes coches colectivos dígase autobuses e Taxis, tren así eliminaríamos coches da estradas referente os puntos de recarga o investimento non sei si sería moito por que supoño que non sería gratis cousa que a subvención non aclara, pois o prezo que esta hoxe en día, e coa xente que non ten conque pagar a do seu fogar non estaría ben que o Concello lla regalase a que se pode permitir ter ese tipo de coche. Pero si estaríamos outra vez a substituír a iniciativa privada que son quen deberían dar este tipo de servizo nos seus establecementos pois sería unha mellora un engadido aos seus negocios, dígase gasolineras, hoteis, supermercados, comercios, grandes areas comerciais, etc que ademais serían o que hoxe en día se chama Negocio diferenciado.

Estes vehículos son caros máis de 20.000euros polo que debería ser o Estado e ou a Xunta promovendo a baixada de custo con plans como os renove e inculcar tamén bus, camións, eléctricos ou outras tecnoloxías como gas e intervenir en I+D+ o único coche que non contamina é o que non sae a estrada

Referente os impostos dicir que neste Concello o imposto de vehículos e progresivo vai en función do cabalaxe canta máis potencia máis paga e soe ser xente con poder adquisitivo alto, e des pois por outro lado non se cobra os que teñen máis de 25 anos, por que se entendía que eran de persoas con poucos recursos e ou xente que os tiña como coches de exhibición e ou de colección se queren podemos ver de aprobar un Cambio de taxas en función de emisión da emisión de gases pero saiban que creemos que estaríamos subvencionando as persoas con redas altas pois de momento neste país os vehículos eléctricos son un produto de luxo.

O pleno da corporación, ACORDA por seis votos a favor (4 membros do PSOE e dous membros de Rianxo en común), once abstencións (5 membros do PP e 6 membros do BNG) cero votos en contra, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta

## 8. ROGOS E PREGUNTAS

### ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN:

#### Rogos:

Incidan na limpeza de rúas e áreas urbanas .Realicen actuacións para mellora

Problemas coa sinal da TV nalgún lugares fallou os repetidores de Taragoña. Realicen actuacións para mellora .

Rúa do medio queda escuras cando hai actuación no campo, este problema agudizase no verán.

Campo Martela e Torre é lamentable e perigoso o estado dos elementos do parque substitúanos ou retírenos

#### Preguntas:

Seguen levantándose reparos por Alcaldía

Se se funciona perfectamente porque vamos polo expediente de recoñecemento extraxudicial núm. 13 e de transferencia núm. 19

Pasou case un ano e está a punto de rematar a prorroga e aínda non se convocou a comisión para remunicipalizar os servizo da auga. ¿cal é o motivo non se convocase a comisión?

¿celebrarase algún acto na xornada europea da enerxía?

Sería un rogo no monumento da Manuela ten elementos perigosos, debe facerse algo antes pase algunha cousa.

### ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

#### Rogos:

Que se asfalte a pista que vai á granxa de polos “Avícola Montegrande” en Asados e limpar (a quen lle corresponda) a finca situada á saída desa pista á carreteira xeneral. As herbas están tan altas que impiden ter boa visibilidade para poder saír en coche con seguridade.

Que se arranxen as farolas da praia de Tanxil xa que a día de hoxe non funcionan, que se adecenten os xardíns e estean abertos os baños.

O acceso a internet no auditorio non vai ben. Rogamos que se subsanen esas deficiencias.

Rogamos que se sinalicen os distintos lugares do concello, por exemplo O Curral en Taragoña e se revisen todos os indicadores dos lugares, porque algúns, aínda que están, teñen borradas as letras e non cumpren a súa función.

É moi importante ter ben sinalizados os lugares para que a xente de fóra poda chegar e saiba en que paraxes se encontra.

Que cando se fagan novos asfaltados de pistas, o proxecto debe recoller tamén que sexan asfaltadas as zonas que a xente debe ceder cando fai os cerres das súas vivendas.

Que se arranxe a tapa onde vai o automático na farola que está na entrada da rúa Roxerius (onde a zona de carga e descarga). Está ó aire e pode supor un perigo.

**Preguntas:**

Sabemos que fai uns días estívose realizando un vídeo de promoción en Rianxo, de que xeito apoiou o concello esta iniciativa?

Que problema hai para que non se podan conectar ó saneamento na zona de Outeiro (Taragoña) na zona xunto á escola.

En Noaidos, que é entre o Araño e a Castiñeiriña, hai un carballo caído encima da baranda da ponte sobre o río e impide o paso da xente. Isto leva así dende antes do inverno pasado, cando se pensa retirar esta árbore ou estase a esperar a que rompa a baranda?

Seguimos a insistir neste tema e preguntamos cando se vai proceder ó pintado para prohibir aparcar 1 metro ou 1,5 metros antes dos pasos de peóns ou nas saídas das pistas á carreteira principal (por exemplo na saída que hai no Pazo onde a de Pancho)?

Isto supón un perigo de accidente e non queremos esperar a que pase algo para que se faga.

Que medidas se van a tomar con un can abandonado que leva meses na zona da Vacariza?

Pode supor un perigo para as persoas que se acerquen ó lugar onde acostuma a estar. Preocúpanos, pola veciñanza dese lugar e ademais porque nos próximos días vai haber nesa zona unha festa e pode pasar por alí moita xente, ademais de noite.

Cando se vai a empezar a tomar medidas para que non se teña que estar seguido a facer recoñecementos extraxudiciais. Xa sabemos que non se poden facer todas as contratacións de un golpe, pero creemos que se debe ir facendo pouco a pouco. Estase obrigando ó departamento de intervención a ter que facer estes reparos repetitivamente.

Preguntámonos tamén como pode pasar o que puídeos ver nos decretos, creo que no recoñecemento extraxudicial 13/2017, onde di que para un contrato non se seguiu o procedemento de verificación de existencia de crédito e despois cando se intentou facer, a través de unha transferencia de crédito, non se fixo de maneira suficiente.

O que di a interventora no seu informe parécenos grave porque di "dado que omitiuse o requisito de existencia de crédito no momento da formalización do contrato, estamos ante un acto nulo de pleno dereito e procede a emitir un informe desfavorable ás facturas polo dito motivo."

**ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO PP:****Rogos:**

A pista de Barral que une con Rianxiño pasen a arranxa-la

Problema cos bandos informativos nas aldeas, antes poñíanse nas marquesinas.

Pista de Ourille, hai moita maleza, hai unha zoa de terraplén que non ten vallas, fagan a reparación dado que o perigo é inminente.

**Preguntas:**

Situación do edificio Maite Rial non está arranxada, queremos saber se se vai facer a obra polo concello.

Na depuradora houbo vertidos de forma continuada ¿Fíxose investigación ?

Relativo o circo, trasladáronnos que houbo animais ¿Qué papel xogou o concello? Cumplíronse as leis

¿Como está o tema das taquillas do auditorio ¿teñen reflexo no orzamento?

Empresa do Plan de Igualdade, preocupáanos se trouxesen varias empresas, a que finalmente resultou escollida non a eliximos.

Presentou unha factura por importe de 7229,95 en decembro e nos damos de conta en abril ¿Como se pagou esa factura?

#### **O ALCALDE TOMA A PALABRA:**

Esta factura non foi pagada dado que os servizos non foron executados, polo que perdeuse a subvención do Plan de Igualdade, a empresa non entregou o traballo a tempo. Vaise devolver e esixir indemnización dado que se perdeu unha subvención.

Referente o circo a moción so falaba de espazos públicos pero no se refería a espazos privados. Non se dou autorización para poñer auga nin carteis, nin electricidade. Solicitaron autorización para realización da actividade, tramitouse co mesmo procedemento co resto de actividades, fíxose o posible para evitar a actividade. O circo comprometeuse a non utilizar animais. Debemos reclamar que a lei de actividades prohiba este tipo actividades con animais.

Relativo a Depuradora o Plan de Saneamento Ría de Arousa 2012-2015 recollía unha partida para ampliación da Depuradora e novos colectores, tanque de tormentas, impulso redes de saneamento por importe de 4.000.000 de € e ningunha actuación está feita. Respecto as conserveiras estáse intentando poñer medidas correctoras e réxime sancionador.

Nos actuais orzamentos da Xunta aparecen actuacións por 7000.000 € que debemos solicitar que se executen os fondos europeos para Rianxo

Obra Edificio Maite Rial, cando se lle concedeu a licencia a construtora manifestou tiña saneamento e auga, final parece que non ten auga. O banco que lle vendeu a propiedade tamén a enganou e agora trasládanos o concello o problema, consultouse coa concesionaria as opcións facilitáronselle unha provisional que tería a interesada que cubrir os custes atravesando a estrada.

A outra opción e que se levante as acesas do campo de Pazos e aproveitar as actuacións para varios veciños, remitiuse a Xunta a documentación e non se autorizou de momento.

A sinal da TV fallou, o concello requiriu a empresa GST que arranxara, correspóndelle a Retegal garantir as conexións e a cobertura.

Rúa do medio a escuras, as actividades dos terrazas deben elas contar con luz propia

Tomo nota do parque da Torre, pena de non metela dentro das actuacións do POS

Contratación menor, hai malestar pero o traballo dos servizos e moito, e en vez de tramitar os expedientes municipais atópanse remitindo datos o consello de contas a Montoro.

A comisión de Auga e saneamento da Deputación pediron remitira os estudos e van vir cos deberes feitos cun enxeñeiro e cun economista para a reunión, en breve convocarase, oxala tomemos unha decisión conxunta.

O monumento a Manuela retiráronse os remos e están a elaborarse uns de fibra de vidro, material non corrosivo.

#### **O ALCALDE CEDE A PALABRA O PÚBLICO SE TEN ALGUNHA PREGUNTA OU ROGO**

Unha persoa toma a palabra e manifesta que no camping de Rianxo non teñen saneamento sorpréndelle aproben por unanimidade esta moción. C continúa a súa moción

Dende o concello o departamento de turismo manifestamos o noso satisfacción co servizo e a publicidade.

O camping temos un prezo simbólico de 2€ para as autocaravanas podían conectarse a wifi e auga, a luz aparte, facilitóuselle publicidade o Club de Galicia inda así so veñen na Guadalupe e 20.

Adolfo manifesta que no ano 2007-8 solicitóuselle a costa que autorización pa levar o saneamento a Tronco pero foi rexeitado, volverémolo a intentar.

Outra persoa manifesta que na concentración a favor do Centro de Dia votaron en falta as formacións políticas e o Alcalde.

Adolfo manifesta que dende a corporación municipal apoian a solicitude e existen acordos para facilitar terreos e apoian as iniciativas veciñais e noutras concentracións acudiron pero nun segundo lugar sen restarlle importancia os veciños, na do pasado domingo non puideron asistir por axenda

Ás 22:15 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Rianxo, luns 12 de xuño de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez